



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2023

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

PP:

D. Jesús Mosquera Manteiga.

SECRETARIO - INTERVENTOR:

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 3 de febreiro de 2023, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

- 1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 2 DE DECEMBRO DO 2022 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 23 DE XANEIRO DO 2023.**



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación ao borrador das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023". ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

"PROPOSTA Ó PLENO

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023". ACORDOS QUE PROCEDAN.

1.- *"Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":*

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
<i>Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes</i>	222.743,21 €
<i>Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)</i>	
<i>Subtotal gasto corrente</i>	222.743,21 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
<i>Subtotal investimentos achega provincial 2023</i>					

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa	Total Concello	



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

			deducible nos abastecem. auga potable)		
Pavimentación Camiño da Fonte (Bascoi) a Couto (Xanceda)	34.021,96 €				34.021,96 €
Pavimentación Camiño de Gandarela a Igrexa (Bascoi)	34.886,56 €				34.886,56 €
Pavimentación Camiño na Picha (Mesía) e outros	33.361,55 €				33.361,55 €
Pavimentación en Catro Camiños (Mesía) e outros	24.838,59 €	9.000,90 €		9.000,90 €	33.839,49 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	127.108,66 €	9.000,90 €		9.000,90 €	136.109,56 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.
Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

4. Resumo:

		Concello				
POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	222.743,21 €				222.743,21 €
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023					
	Achega 2022	127.108,66 €	9.000,90 €		9.000,90 €	136.109,56 €
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023					
D- TOTAL	Achega 2023	222.743,21 €				222.743,21 €
	Achega 2022	127.108,66 €	9.000,90 €		9.000,90 €	136.109,56 €
	Préstamo 2023					
	TOTAL	349.851,87 €	9.000,90 €		9.000,90 €	358.852,77 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

<i>Pavimentación Camiño no Carballal (Olas) e outros</i>	88.623,36 €		
<i>TOTAIS</i>	88.623,36 €		



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Mesía, na data da sinatura electrónica. Asdo. Mariano Iglesias Castro. Alcalde."

Manifesta o Sr. Alcalde que a achega de gasto corrente destinarase á auga, alumado público ou SOGAMA e, na medida do posible, a acceso a núcleos de poboación. De seguido o Sr. Alcalde describe o contido de cada un dos proxectos incluídos na proposta.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

3. POS+ ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:
"PROPOSTA Ó PLENO

POS+ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS. "POS+ADICIONAL 1/2023". ACORDOS QUE PROCEDAN.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2023" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023: 64.966,77€
Dato notificado que figura no seu expediente

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
GASTO CORRENTE	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	0,00 €		0,00 €	0,00 €	0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.	7.000,00 €		7.000,00 €	7.000,00 €	0,00 €
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	58.500,00 €	4.500,00 €	54.000,00 €	54.000,00 €	0,00 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			0,00 €		0,00 €



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	1.860,00 €		1.860,00 €	1.860,00 €	0,00 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	67.360,00 €	4.500,00 €	62.860,00 €	62.860,00 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS (A)	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
				(D)	(E=C-D)
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	2.140,00 €		2.140,00 €	2.140,00 €	0,00 €
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	2.140,00 €	0,00 €	2.140,00 €	2.140,00 €	0,00 €

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	69.500,00 €	4.500,00 €	65.000,00 €	65.000,00 €	0,00 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	62.860,00 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	2.140,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III)	65.000,00 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Mesía, na data da sinatura electrónica

Asdo. Mariano Iglesias Castro. Alcalde. “

Explica o Sr. Alcalde que no apartado b) inclúense gastos de emerxencia social, o apartado c) destínanse a cubrir a aportación municipal do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, e aos servizos de fisioterapia e podoloxía a domicilio. E no apartado de investimentos unha cama articulada e unha grúa.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

4. PROXECTO DENOMINADO “ACTIVIDADES A REALIZAR NO FUNCIONAMENTO DA AULA DA NATUREZA - MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DA VALGA DURANTE O ANO 2023”. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que este concello conta cunha Aula da Natureza – Museo Etnográfico e co seu contorno, sito nas Brañas da Valga – Visantoña, sendo un espazo natural, social e cultural que ofrece unha gran diversidade en todos os aspectos sinalados anteriormente. Este espazo é un referente importante na cultura e patrimonio da área metropolitana da Coruña e incluso acadou, polas súas características, a condición de único a nivel nacional, e tendo en conta ademais que se realizan visitas e actividades neste espazo poñendo en valor os recursos culturais e naturais existentes e contempla un uso educativo cara a formación de escolares no respecto ao medio ambiente e o seu coñecemento, achegándose a este lugar persoas provintes das zonas máis remotas da nosa xeografía galega e incluso doutras Comunidades Autónomas como é de Castela e León, sendo a maioría visitas de colexios e asociacións.

Vista a necesidade de manter o pulso vital do municipio a través do funcionamento continuado deste espazo e realizar así unha gran variedade de actividades dirixidas, cada día, á toda a poboación e que satisfagan non só a súa alternativa de ocio senón que se convertan nunha forma de aprender.

Vista o proxecto denominado “Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza – Museo Etnográfico das Brañas da Valga durante o ano 2023” cun orzamento total de 75.000,00 €.

De conformidade co artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, proponse ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar a memoria das actividades a realizar por un importe de 75.000,00 €.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Segundo.- Solicitar unha subvención á Deputación Provincial da Coruña do 80% do gasto total, 60.000,00 €.

Terceiro.- Designar ao Alcalde, don Mariano Iglesias Castro, con DNI 32767819H, para proceder á sinatura do correspondente convenio.

Mesía, 30 de xaneiro de 2023. Asdo.: Mariano Iglesias Castro. Alcalde.”

Manifesta o Sr. Alcalde que esta subvención xa se trouxo outros anos ao Pleno, é unha subvención nominativa que se pide dende 2011, destinándose ao salario de dous peóns para o mantemento do entorno e dunha monitora para actividades de tempo libre, así como para parte dos gastos de mantemento do museo.

Pregunta a Sra. Louro por si está incluído na rede de museos vivos, respostando o Sr. Alcalde que están xa instaladas as cámaras pero faltan aínda pequenos detalles.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

5. DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO CUARTO TRIMESTRE 2022, PREVISTO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O Sr. Alcalde da conta do informe, do que o seu teor literal di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN
Informe Morosidade cuarto trimestre 2022

Pagos realizados en el trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados en el trimestre			
		Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
		Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	12,53	752	535.254,91	0	0,00
20.- Arrendamientos y Cánones	9,78	5	3.092,14	0	0,00
21.- Reparación, Mantenimiento y Conservación	9,17	37	68.774,27	0	0,00
22.- Material, Suministro y Otros	13,05	710	463.388,50	0	0,00
23.- Indemnización por razón del servicio	0,00	0	0,00	0	0,00
24.- Gasto de Publicaciones	0,00	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
Inversiones reales	18,78	9	133.088,54	0	0,00
Otros pagos realizados por operaciones comerciales	0,00	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0,00	0	0,00	0	0,00
TOTAL	13,78	761	668.343,45	0	0,00

Intereses de demora pagados en el trimestre	Intereses de demora pagados en el período	
	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	0	0,00
Inversiones reales	0	0,00



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Otros pagos realizados por operaciones comerciales	0	0,00
Pagos realizados pendientes de aplicar al presupuesto	0	0,00
TOTAL	0	0,00

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre	Período medio del pendiente de pago (PMPP) (días)	Pendiente de pago al final del trimestre			
		Dentro período legal pago a final del trimestre		Fuera período legal pago a final del trimestre	
		Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	0,00	0	0,00	0	0,00
20.- Arrendamientos y Cánones	0,00	0	0,00	0	0,00
21.- Reparación, Mantenimiento y Conservación	0,00	0	0,00	0	0,00
22.- Material, Suministro y Otros	0,00	0	0,00	0	0,00
23.- Indemnización por razón del servicio	0,00	0	0,00	0	0,00
24.- Gasto de Publicaciones	0,00	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
Inversiones reales	0,00	0	0,00	0	0,00
Otros pagos realizados por operaciones comerciales	0,00	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0,00	0	0,00	0	0,00
TOTAL	0,00	0	0,00	0	0,00

En Mesía, na data da sinatura electrónica.
O secretario-interventor, Asdo./ Eladio Bendaña Pardo"

Os concelleiros quedan enterados.

6. MOCIÓNS.

Manifesta o Sr. Alcalde que a Sra. Louro presentou dous mocións cando xa estaba convocado o Pleno, pero foron remitidas a todos os concelleiros, polo tanto trataranse como mocións de urxencia, de conformidade co disposto nos artigos 83 e 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En primeiro lugar, a moción en apoio á Iniciativa Lexislativa Popular para Salvar e Fortalecer a Atención Primaria e á Manifestación do Día 12 de febreiro en Santiago en Defensa da Sanidade Pública.

A urxencia é acordada por unanimidade dos membros presentes do Pleno, maioría absoluta do número legal dos seus membros.

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

"Moción en apoio á Iniciativa Lexislativa Popular para Salvar e Fortalecer a Atención Primaria e á Manifestación do Día 12 de febreiro en Santiago en Defensa da Sanidade Pública.

Beatriz Louro López, concelleira do Grupo Municipal do BNG do Concello de Mesía presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

O deterioro da Atención Primaria Galega está alcanzando un punto de inflexión que pode ser irreversible se non se lle pon remedio de forma urxente.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Os Concellos, como institución máis próxima a poboación e aos seus problemas, reciben as queixas e demandas da veciñanza, sobre as dificultades para acceder aos Centros de Saúde, os pechos de PACs, a masificación das consultas, a prioridades para a consulta telefónica, a falta de persoal médico, de pediatría, enfermaría e doutras categorías profesionais, sometido a condicións de inestabilidade e precariedade laboral, tendo gran repercusión na calidade da atención sanitaria.

Todas somos conscientes de que a crise da Atención Primaria, afecta á saúde da poboación (polos atrasos nos diagnósticos e tratamentos), colapsa as urxencias e as listas de agarda nos hospitais. Así o confirman os últimos informes do Ministerio de Sanidade, que reflicten un incremento da mortalidade evitable e xeral, non explicable pola epidemioloxía.

O concello, como administración representativa dos intereses da poboación, non pode tolerar que a poboación desmoralizada acabe aceptando uns Centros de Saúde de baixa calidade e inaccesibles por falta de persoal e de recursos, que se abandone a promoción, prevención, rehabilitación, o traballo comunitario e a participación cidadán. A solución non pode ser a contratación de seguros privados enganosos, que tamén teñen listas de agarda e que denegan consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas por non “entrar” no seguro contratado.

Sen embargo a Xunta de Galicia e o SERGAS, pretenden perpetuar esta situación, aprobando un orzamento para a Atención Primaria que supón o 14% do gasto sanitario total, absolutamente insuficiente para solucionar a falta de personal e as carencias de personal e de recursos dos Centros, que según a OMS debe ser do 25%.

Ante a falta de medidas da administración do PP, para frear o desmantelamento da Atención Sanitaria e do Sistema Sanitario Público Galego, consideramos necesario apoiar a mobilización social e profesional en contra desta situación. Dende a Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, piden o apoio a Iniciativa Lexislativa Popular para que o Parlamento Galego, debata e aprobe a serie de medidas destinadas a Salvar e Fortalecer a Atención Primaria e a Manifestación do día 12 de febreiro do 2023, en Compostela, as 12 h. e con saída dende a Alameda e rematando na Praza do Obradoiro, en Defensa do Sistema Sanitario Público Galego.

A Plataforma SOS Sanidade Pública considera urxente incrementar o orzamento da Atención Primaria ata o 25% do total; a recuperación dos postos de traballo recortados; a convocatoria de novas prazas de tódalas categorías de persoal nos Centros de Saúde e PACs; a utilización plena dos servizos hospitalarios para acabar coas listas de agarda acumuladas; a elaboración dun Novo Modelo de Saúde Comunitario que emane das conclusións do Consello Técnico de AP de Galicia e contemple a colaboración das administración locais para ir contra os determinantes da saúde e da enfermidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

- 1. Facilitar a recollida de sinaturas promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, para conquistar a Iniciativa Lexislativa Popular para Salvar e Fortalecer a Atención Primaria**
- 2. Chamar a poboación do noso Concello a participar na Manifestación do día 12 de febreiro en Compostela para salvar a Atención Primaria e o Sistema Sanitario Público Galego en risco de desmantelamento.**



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

En Mesía, a 31 de xaneiro de 2023

Asinado Beatriz Louro López, portavoz do Grupo Municipal do BNG

Manifesta o Sr. Alcalde que o grupo de goberno está de acordo en defender a sanidade pública, si ben hai que matizar a medida da colaboración, que sería poñendo a disposición do público nas dependencias municipais o modelo que a organización mande, así como colocando os carteis que, no seu caso, acheguen.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

En segundo lugar, a moción para a dotación de fondos da Xunta de Galiza en relación coas axudas á produción ecolóxica que cumpran co requisito da convocatoria para a campaña do 2022 e para o período 2023-2027 dentro do apartado de desenvolvemento rural da PAC.

A urxencia é acordada por unanimidade dos membros presentes do Pleno, maioría absoluta do número legal dos seus membros.

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

***“Moción do BNG para a dotación de fondos da Xunta de Galiza en relación coas axudas á produción ecolóxica que cumpran co requisito da convocatoria para a campaña do 2022 e para o período 2023-2027 dentro do apartado de desenvolvemento rural da PAC.*”**

Beatriz Louro López, concelleiro/a do Grupo Municipal do BNG do Concello de Mesía presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

A Política Agraria Común pivota arredor de medidas de sostibilidade e a prol de melloras medioambientais e de loita contra o cambio climático. Dentro destas medidas, o Pacto Verde ten como obxectivo acadar para a produción ecolóxica un 25% da Superficie Agraria Útil (SAU) dos 27 estados membros da UE para o 2030, para o que se fai fundamental que a PAC sexa un instrumento activo que dote de recursos ás explotacións, para que poidan manterse na produción ecolóxica ou realizar a conversión das producións convencionais.

Dentro deste contexto a Xunta de Galiza dende a Consellería promoveu activamente e con éxito o paso das producións convencionais a ecolóxicas. Pero a orde de axudas, cun orzamento insuficiente, ademais deixa fóra, de por si, a unha boa parte das pequenas granxas de leite e de pequenos produtores de horta e de carne de vacún, pero tamén a producións de ovino ou cabrún en ecolóxico. Cómpre que a Consellería de Medio Rural poña os recursos económicos suficientes para dar satisfacción ás necesidades do sector.

A situación resulta máis grave aínda e denota unha falta de visión sobre as consecuencias de deixar fóra das axudas ó 43% das hectáreas solicitantes porque doadamente poden supoñer o abandono das producións ecolóxicas, ou incluso tamén da produción convencional pola falta de recoñecemento



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

económico no esforzo feito e pola situación de debilidade económica na que quedan estas explotacións.

Por outra banda dende o BNG observamos con gran preocupación como a incerteza se mantén de cara ao novo período da PAC 23-27 dado que a ausencia de planificación quedou en evidencia co descuberto orzamentario da convocatoria deste ano 2022, polo que é imprescindible que se garantan orzamentariamente as axudas para a totalidade das hectáreas de produción ecolóxica para este ano 22 e os seguintes. En Galiza andamos arredor do 5% e acadar o 25% da SAU en ecolóxico a este ritmo e con estes precedentes non vai ser doado.

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a **adopción do seguinte ACORDO:***

1.-Instar ao Goberno da Xunta a completar con fondos propios a cantidade orzada para a orde de axudas do ano 2022, na cantidade precisa ata acadar os 5,6 M€ necesarios para cubrir as solicitudes presentadas.

2.-Instar ao Goberno da Xunta a fornecer economicamente o orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do período 2023-2027.

3.-Instar ao Goberno da Xunta a darlle publicidade e transparencia as decisións adoptadas para público coñecemento das e dos produtores en ecolóxico, co fin de que poidan reconducir as súas explotacións evitando perdas económicas inxustificadas.

Mesía, 31 de xaneiro de 2023

Asinado Beatriz Louro López Portavoz do Grupo Municipal do BNG"

Manifesta o Sr. Alcalde que o grupo de goberno está de acordo, sendo o concello de Mesía un concello rural con emprendemento ecolóxico.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

7. DAR CONTA DOS DE ALCALDÍA DO 464 AO 520 DO ANO 2022 E DO 1 AO 29 DO ANO 2023.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

RELACION DECRETOS 2022 DO 464 AO 520

Nº DECRETO	ASUNTO	FECHA
464	Decreto anulado	
465	Aprobación liquidación servizos prestados PAI setembro 2022	29/11/2022
466	Decreto anulado	
467	Convocatoria Sesión Plenaria Ordinaria núm. 8 do 02/12/2022	29/11/2022
468	Aprobación incorporación ao inventario do novo depósito de auga de abastecemento municipal	29/11/2022
469	EXECUCION DO GASTO. NOMINAS NOVEMBRO E ATRASOS 1,5%	29/11/2022
470	Aprobación cambio de titularidade recibo abastecemento de auga municipal	30/11/2022
471	Concesión axudas equipamento informático curso escolar 2022-2023	30/11/2022
472	Convocatoria XGL núm. 27 do 02/12/2022	30/11/2022
473	Baixa usuario SAF	30/11/2022
474	Aprobación cambio de titularidade recibo abastecemento de auga municipal	01/12/2022
475	Execución do gasto 02/12/2022	02/12/2022
476	Aprobación conta xustificativa subvención gastos limpeza CPI Xanceda ano 2022	02/12/2022
477	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	02/12/2022
478	Concesión axudas para o transporte escolar curso 2022-2023	05/12/2022
479	X.C. 15/2022. Subvención Deputación. POS ADICIONAL 2/2022. Gasto corrente	05/12/2022
480	Corrección erro material Decreto 478/2022	05/12/2022
481	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	05/12/2022
483	Execución do gasto 07-12-2022	07/12/2022
484	Aprobación liquidación servizos prestados PAI mes outubro 2022	07/12/2022
485	Admisión fora de prazo praza Punto de Atención a Infancia	07/12/2022
486	Alta usuario SAF libre concorrencia	12/12/2022
487	Execución do gasto 12/12/2022	12/12/2022
488	Aprobación padrón das taxas polo servizo de abastecemento de auga, saneamento e canon, correspondente ao terceiro trimestre 2022	12/12/2022
489	Convocatoria da Xunta de Goberno Local ordinaria nº 28 de 15/12/2022	13/12/2022
490	Execución do gasto 13/12/2022	13/12/2022
491	Execución do gasto 14/12/2022	14/12/2022
492	Autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	14/12/2022
493	Execución do gasto 14/12/2022. Nóminas extra decembro 2022	14/12/2022
494	Aprobación bases xerais e específicas da convocatoria dos procesos selectivos de estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de Emprego público de 2022.	14/12/2022
495	Alta no Padrón Municipal de Habitantes	14/12/2022
496	Liquidación SAF mes novembro 2022	15/12/2022
497	Alta no Padrón Municipal de Habitantes	15/12/2022
498	Execución do gasto 19/12/2022	19/12/2022
499	Xeneración de crédito 16/2022. Subvención PAI (diferenzas entre o presupuestado e o concedido)	20/12/2022
500	Aprobación liquidación prestación servizos PAI mes novembro 2022	20/12/2022
501	Baixa usuario SAF concorrencia	20/12/2022
502	Transferencia de crédito 03/2022	21/12/2022
503	Execución do gasto 21/12/2022	21/12/2022
504	Alta usuario SAF libre concorrencia	21/12/2022
505	Execución do gasto 22/12/2022	22/12/2022
506	Execución do gasto 23/12/2022	23/12/2022
507	Aprobación liquidación prestación servizos pai mes decembro 2022	27/12/2022
508	Convocatoria Xunta de Goberno Local ordinaria núm 29 do 29/12/2022	27/12/2022
509	Transferencia de crédito 04/2022	27/12/2022
510	Execución do gasto 28/12/2022	28/12/2022



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

RELACION DECRETOS 2022 DO 464 AO 520

Nº DECRETO	ASUNTO	FECHA
511	Execución do gasto 29/12/2022	29/12/2022
512	Execución do gasto 29-12-2022.Nóminas mes decembro 2022	29/12/2022
513	Transferencia de crédito 05/2022	29/12/2022
514	Tansferencia de crédito 06/2022	29/12/2022
515	Execución do gasto 30/12/2022	30/12/2022
516	Prórroga orzamento exercicio 2022 a exercicio 2023	30/12/2022
517	Execución do gasto 30/12/2022	30/12/2022
518	Execución do gasto 30/12/2022	30/12/2022
519	Aprobación prórroga contrato monitora de tempo libre	30/12/2022
520	Aprobación prórroga contrato peón de xardinería	30/12/2022

RELACION DECRETOS 2023 DO 1 AO 29

Nº DECRETO	ASUNTO	FECHA
1	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	02/01/2023
2	Cese funcionaria admsintrativa María José Coira López	04/01/2023
3	Toma posesión funcionaria administrativa Elena Garcia Fente	04/01/2023
4	Alta usuario SAF	05/01/2023
5	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	05/01/2023
6	Convocatoria XGL núm 1/2023 do 12/01/2023	10/01/2023
7	Alta usuario SAF	10/01/2023
8	Alta no Padrón Municipal de Habitantes	10/01/2023
9	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	10/01/2023
10	Aprobación cambio titular no padrón rede de abastecemento de auga municipal	11/01/2023
11	Corrección Decreto 450/2022 do 16/11/2022 aprobación conta xustificativa subvencion PMC 2022-2023 anualidade 2022	11/01/2023
12	Aprobación liquidación prestación servizos PAI mes xaneiro 2023	11/01/2023
13	Solicitude subvención nominativa para o financiamento das actividades aula da natureza - Museo Etnográfico Brañas da Valga. Ano 2023.	12/01/2023
14	Corrección erro Decreto 509/2022	13/01/2023
15	Execución do gasto 16/01/2023. Comisións remesa domiciliacións recibos PAI. Xaneiro 2023.	16/01/2023
16	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	16/01/2023
17	Execución do gasto 17/01/2023. Comisións domiciliacións recibos SAF mes novembro 2022	17/01/2023
18	Acordo solicitude subvención gastos mantemento técnico deportivo. Ano 2023	17/01/2023
19	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	17/01/2023
20	Execución do gasto 17-01-2023	17/01/2023
21	Convocatoria sesión plenaria extraordinaria nº1 do 23/01/2023	18/01/2023
22	Execución do gasto 19/01/2023 Ccomisión devolución recibo domiciliado SAF mes novembro 2022	19/01/2023
23	Autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	19/01/2023
24	Liquidación SAF mes decembro 2022	19/01/2023
25	Autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	20/01/2023
26	Convocatoria Xunta de Goberno Local ordinaria nº2 de 26/01/2023.	24/01/2023
27	Execución do gasto 24-01-2023	26/01/2023
28	Alta de por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	26/01/2023
29	Acordo de non división por lotes proxectos POS+2023	27/01/2023

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

8. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 17 DE NOVEMBRO, 2, 15 E 29 DE DECEMBRO DE 2022 E 12 DE XANEIRO DO ANO 2023.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Manifesta o Sr. Alcalde que a Sra. Louro presentou por rexistro unha pregunta, da que todos os concelleiros teñen copia. Toma a palabra a Sra. Louro, quen da conta da pregunta que, de seguido, se transcribe:

“Nestes días someteuse a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Monte de San Bartolomé, nos concellos de Abegondo, Ordes, Mesía, Carral e Cerceda, (expediente IN408A 2019/081), promovido por Green Capital Power. Até o 17 de febreiro está aberto o prazo para presentar consideracións ao documento.

O BNG pregunta:

Ten presentado o goberno do concello de Mesía consideracións ou alegacións ao respecto? Tenas feito públicas ou ten previsto facelas públicas para coñecemento da veciñanza de Mesía? Vai facer alegacións para os veciños ou recoller firmas ao respecto?

Mesía, 31 de febreiro de 2023 Beatriz Louro López, portavoz do Grupo Municipal do BNG”

Manifesta o Sr. Alcalde que este tema afecta a unha parroquia do concello, ao norte de Visantoña, con dous aeroxeneradores. Imos facer neste caso o mesmo que fixemos cos anteriores, sempre presentamos alegacións e informes tanto aos parques como ás infraestruturas que conlevan, un informe técnico municipal e dous alegacións, unha que nos fan os redactores do Plan Xeral, dende o punto de vista urbanístico, e outra, que fai un enxeñeiro agrónomo, tendo en conta as características agrarias e forestais do concello. Todo o que se fai é diáfano, está a disposición de todos, hai un modelo de alegacións para os veciños no mostrador, o que é importante, pero o freno aos eólicos non se acaba só con repulsa veciñal. Nas alegacións sempre intentamos atopar algo que técnica ou xuridicamente incumpra a lexislación vixente.

A posición deste goberno é clara, de oposición frontal a estas instalacións e aos elementos que leven parellos, e faremos o que está ao noso alcance para evitar que se implanten estas instalacións neste termo municipal.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e dez minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.